

**CONCELLO DE PONTEAREAS****BASES DO CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES 2020**

XOSÉ REPRESAS GIRALDEZ (1 para 1)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 07/02/2020  
HASH: e02ee9d1539ce1531e2e974dbca55a

**1.- INSCRICIÓN**

Poderán participar no concurso infantil de disfraces todos os rapaces a título individual ou colectivo cunha idade máxima de 12 anos.

O concurso terá lugar o luns de entroido, día 24 de febreiro de 2020, a partir das 17:30 horas na Praza Maior de Ponteareas e, en caso de choiva, trasladarase ao Auditorio Municipal de Ponteareas. A inscrición realizarase dende unha hora antes do comezo no espazo habilitado para tal fin na Praza Maior.

Na inscrición o nai/ pai/ titor legar ten que firmar unha autorización para poder fotografar ou gravar imaxes do menor para difundir por redes sociais.

O número máximo de participantes será de 40.

**2.- PREMIOS**

Os participantes deberán esperar ao remate do concurso, para comunicarlles o resultado do mesmo. Os premios entregaranse ao remate do concurso. Os premiados deben recoller os premios vestidos co disfraz co que se presentaron, sexa a título individual ou colectivo. En caso contrario, serán descalificados.

Establécense os seguintes premios:

- o Primeiro premio: un ordenador portátil
- o Segundo premio: unha tableta
- o Terceiro premio: unha pulseira dixital
- o Cuarto premio: unha pulseira dixital
- o Quinto premio: uns auriculares inalámbricos



Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 600.-euros, concederanse con cargo á partida 33000-4802009 do orzamento municipal do ano 2020.

Estes premios son compatibles con calquera outra axuda pública para a mesma fin.

### **3- ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano competente para a ordenación e instrucción será o departamento de eventos/cultura.

### **4.- O XURADO**

O xurado estará integrado por persoas de asociacións culturais e persoas vinculadas coas asociacións participantes nas actividades de Entroido e un/unha traballador/a do Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas, que actuará como secretario con voz pero sen voto.

### **5.- VALORACIÓN DOS DISFRACES**

O xurado valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o bo gusto e o traballo na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

O alcalde mediante resolución de alcaldía ratificará o fallo do xurado.

### **6.- PUBLICIDADE**

Estas bases serán enviadas a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicarase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na web do concello e no taboleiro de anuncios.

### **7.- DISPOSICIÓN FINAL**

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso infantil supón a aceptación das presentes bases.

(Asinado electronicamente)

